

Área de Recursos
Humanos e Formación
Expediente 37990/220

CONCELLERÍA DE
CONTRATACIÓN,
PATRIMONIO E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



PROCESO SELECTIVO SUBALTERNO/A OEP 2016

ANUNCIO CO ACORDO DA RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS AO SEGUNDO EXERCICIO DA OPOSICIÓN REALIZADO O DÍA 25/09/2021

O órgano de selección, na sesión celebrada o día 1 de outubro de 2021, resolveu o seguinte:

“INFORME:

1º.- **Doc. 210196075.** A súa reclamación é a seguinte:

“Solicito a revisión do meu 2º exame realizado o 25/09/2021 ás 12:00h de Subalterno pola quenda libre OEP 2014/2015/2016.”

Revisado o seu exercicio vemos que foi cualificada coa máxima nota nas preguntas 1, 2 e 4 do primeiro caso práctico, e nas preguntas 1, 2 e 4 do segundo.

A pregunta nº 5 do primeiro caso práctico foi cualificada con 0,75 puntos xa que, en función do modelo no que se contiñan os criterios de avaliación que foi publicado oportunamente, omite a referencia a que ‘estarán prohibidas as portas especificamente de emerxencia que sexan corredoras ou xiratorias’.

A pregunta nº 3 do segundo caso práctico foi cualificada con 0,75 puntos xa que fai mención a ‘catedral’ e non ‘concatedral’, e que está situada na Praza da Igrexa nº 10, sendo esta numeración incorrecta, non facendo mención a súa situación na rúa da Palma nº 6.

A pregunta nº 5 do segundo caso práctico foi cualificada con 0 puntos, xa que tan só sinalou dúas parroquias sobre o mapa, sendo as dúas incorrectas.

En consecuencia, procede ratificarse na puntuación outorgada.

2º.- **Docs. 210196131 e 210196135** (en esencia do mesmo tenor literal) e ampliada en **Doc. 210197644.** A súa reclamación é a seguinte:

“RECLAMACIÓN AL ÓRGANO DE SELECCIÓN DE LA OFERTA DE EMPLEO PÚBLICO 2014-2015-2016 - SUBALTERNO - TURNO LIBRE, REFERENTE AL 2º EJERCICIO REALIZADO EL 25/09/2021. Solicito del Tribunal la revisión de mi examen, así como una copia del mismo corregido con objeto de comprobar de qué forma han calificado las preguntas, ya que por las respuestas correctas que han dado como válidas, considero que mi puntuación debería haber sido mayor de la que tengo. Existen algunas preguntas (3 y 4 del supuesto práctico no 2) en las que las respuestas que ustedes dan como correctas creo que están bien contestadas por mi parte y por ello les solicito poder tener mi examen que pueden enviarme a mi correo electrónico. Según los cálculos que yo hice, consideraba que mi nota debía ser superior a la que ustedes hacen constar. Gracias”

Revisado o seu exercicio observamos, en primeiro lugar, que existe un erro aritmético na suma das puntuación outorgadas, xa que foi cualificada con 6,45 puntos, cando en realidade a suma correcta é de 6,70 puntos. En consecuencia procede rectificar dito erro aritmético.

En segundo lugar, vemos que foi cualificada coa máxima nota nas preguntas 1 e 2 do primeiro caso práctico, e nas preguntas 1 e 4 do segundo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 37990/220

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 04/10/2021 12:41

Páxina 1 de 5

CSV: 2785A3-BE54AC-AC22B5-PLFSAG-8XL7U6-EH

A pregunta nº 4 do 1º caso práctico foi cualificada con 0,75 puntos xa que omite na súa resposta a referencia ao concepto de que esta é 'manual', polo que a cualificación outorgada é correcta en función dos criterios aplicados polo órgano de selección para tódolos aspirantes.

A pregunta nº 5 do 1º caso práctico foi cualificada con 0,50 puntos xa que omite a referencia a que 'non deberán estar pechadas'; e, ademais, omite a referencia a que 'estarán prohibidas as portas especificamente de emerxencia que sexan corredoras ou xiratorias'.

A pregunta nº 2 do 2º caso práctico foi cualificada con 0,25 puntos xa que omite que, debe dirixila especificamente 'Á Xerencia Municipal de Urbanismo sita na Praza do Rei', non sendo suficiente para outorgarlle unha cualificación maior a súa resposta de 'Debe dirixirse a Rexistro Xeral...'. A Xerencia Municipal de Urbanismo é un organismo autónomo e conta co seu propio Rexistro.

A pregunta nº 3 do 2º caso práctico foi cualificada con 0,50 puntos xa que omite á situación concreta da Concatedral de Santa María na rúa Palma nº 6 – Praza da Igrexa, non aportando ningunha outra referencia á súa situación dentro do termo municipal.

A pregunta nº 5 do segundo caso práctico foi cualificada con 0,20 puntos, xa que tan só sinalou correctamente dúas parroquias sobre o mapa, sendo as demais incorrectas.

En consecuencia, procede ratificarse na puntuación outorgada.

3º.- Doc. 210197062. A súa reclamación e a seguinte:

“El sábado día 27 de setiembre de 2021 se hizo el segundo examen del proceso selectivo de subalternos. El mismo día sale publicada la plantilla de correcciones del mismo, avisando de la anulación de una de ellas y además la nota asociada al código que recibimos en el examen para mantener el anonimato. Solicito: 1-Se publique de forma clara la forma de puntuar, si se puntúa por respuesta totalmente correcta o se va desglosando por partes, etc. 2-Se me revise mi examen, número 63241 al no estar conforme con la nota recibida.”

En canto ao primeiro punto o órgano de selección puntúa en base aos criterios contidos no modelo publicado oportunamente e, en base a eles, ten en conta se a resposta é totalmente correcta ou carece dalgún dos criterios sinalados como resposta correcta ás preguntas.

En canto ao segundo punto, revisado o seu exercicio vemos que foi cualificada coa máxima nota na pregunta 2 do primeiro caso práctico, e na pregunta 2 do segundo.

A pregunta nº 1 do 1º caso práctico foi cualificada con 1,00 punto xa que na súa resposta omite as referencias a que 'deberá deixarse aceso o interruptor' e que o papel atascado debe retirarse 'suavemente para non danar o tambor ou algún outro elemento da máquina, seguindo as indicacións que na mesma aparecen'.

A pregunta nº 4 do 1º caso práctico foi cualificada con 0,75 puntos xa que omite na súa resposta a referencia a 'manipulación', non sendo o mesmo concepto que 'movemento'.

A pregunta nº 5 do 1º caso práctico foi cualificada con 0,75 puntos xa que omite a referencia a que 'estarán prohibidas as portas especificamente de emerxencia que sexan corredoras ou xiratorias'.

A pregunta nº 1 do 2º caso práctico foi cualificada con 0,75 puntos xa que omite o número da rúa e non indica calquera outra referencia que poida axudar a coñecer a súa ubicación.

A pregunta nº 3 do 2º caso práctico foi cualificada con 0,00 puntos xa que a resposta é totalmente errónea.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/10/2021 12:41

Páxina 2 de 5

Expediente 37990/220

CSV: 2785A3-BE54AC-AC22B5-PLFSAG-8XL7U6-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A pregunta nº 4 do 2º caso práctico foi cualificada con 0,00 puntos xa que non foi contestada.

A pregunta nº 5 do segundo caso práctico foi cualificada con 0,40 puntos, xa que tan só sinalou correctamente catro parroquias sobre o mapa, sendo as demais incorrectas.

En consecuencia, procede ratificarse na puntuación outorgada.

4º.- Doc. 210196520. A súa reclamación e a seguinte:

“2º examen de Subalterno realizado el 25-09-21, Oferta Publica 2014-2015-2016 SOLICITO: sea revisado mi examen, al no coincidir mi valoracion con la del Tribunal. Dicho esto, he de señalar, que no se entiende el criterio de valoracion, debido a que no se sabe si una pregunta, siendo contestada correctamente pero faltando algun pequeño dato, es merecedora de alguna puntuacion. Por otra parte, dicen que se anula la 3ª pregunta, cuando la pregunta esta correctamente redactada, lo que esta mal es la respuesta que el Tribunal da, entiendo pues, que debería ser retificada y no anulada, ademas, hay que tener en cuenta que no existen preguntas de reserva. gracias”

Revisado o seu exercicio vemos que foi cualificado coa máxima nota na pregunta 2 do primeiro caso práctico.

A pregunta nº 1 do 1º caso práctico foi cualificada con 0,25 puntos xa que a súa omite cuestións tan relevantes como as referencias a que ‘deberá deixarse aceso o interruptor’ e que o papel atascado debe retirarse ‘suavemente para non danar o tambor ou algún outro elemento da máquina, seguindo as indicacións que na mesma aparecen’.

A pregunta nº 4 do 1º caso práctico foi cualificada con 0,00 puntos xa que é totalmente incorrecta.

A pregunta nº 5 do 1º caso práctico foi cualificada con 0,50 puntos xa que omite a referencia a que ‘non deberán estar pechadas’ e que ‘estarán prohibidas as portas especificamente de emerxencia que sexan corredoras ou xiratorias’.

A pregunta nº 1 do 2º caso práctico foi cualificada con 0,90 puntos xa que omite o número da rúa, aínda que engade algunhas referencias sobre a súa situación concreta.

A pregunta nº 2 do 2º caso práctico foi cualificada con 0,25 puntos xa que omite que, segundo o modelo publicado, debe dirixila especificamente ‘Á Xerencia Municipal de Urbanismo sita na Praza do Rei’, non sendo suficiente para outorgarlle unha cualificación maior a súa resposta de ‘A Rexistro, para entregar un solicita’. A Xerencia Municipal de Urbanismo é un organismo autónomo e conta co seu propio Rexistro.

A pregunta nº 3 do 2º caso práctico foi cualificada con 0,75 puntos xa que omite á situación concreta da Concatedral de Santa María na rúa Palma nº 6 – Praza da Igrexa, aínda que engade algunha referencia sobre a súa situación concreta.

A pregunta nº 4 do 2º caso práctico foi cualificado con 0,50 xa que omite que é a sede da Biblioteca Fundación Penzol.

A pregunta nº 5 do 2º caso práctico foi cualificada con 0,60 puntos, xa que tan só sinalou correctamente seis parroquias sobre o mapa, sendo as demais incorrectas.

En consecuencia, procede ratificarse na puntuación outorgada.

En canto á anulación da 3ª pregunta do 1º caso práctico e que está contestada correctamente, sinalar que si a pregunta está correctamente redactada como indica, a súa



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 37990/220

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 04/10/2021 12:41

Páxina 3 de 5

CSV: 2785A3-BE54AC-AC22B5-PLFSAG-8XL7U6-EH

resposta sería incorrecta. Neste punto remitímonos ao acordado na Acta da sesión do día 27 de setembro, na que acordamos:

“Antes de proceder á corrección dos exercicios observamos que a pregunta número 4 do caso práctico nº 1 refírese á Lei 24/1998, de 13 de xullo, do Servizo Postal Universal e de Liberalización dos Servizos Postais. Con todo, comprobamos que dita Lei foi derogada expresamente pola Lei 43/2010, de 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, polo que acordamos anular a citada pregunta xa que podería producir confusión co establecido na Lei vixente, e, en consecuencia, acordamos que as catro preguntas restantes do caso práctico nº 1 pasarían a ter un valor cada unha delas de 1,25 puntos. Dito acordo foi comunicado aos aspirantes na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello.”

5º.- Doc. 210197747. A súa reclamación é a seguinte:

OPE 2014-2015-2016 SUBALTERNO Pregunta 3 Supuesto 1: Según art 21 de Ley 43/2010, que es la legislación consolidada de la Ley de su pregunta, el peso máximo del paquete postal son 20 kg por lo que mi respuesta está bien. La pregunta no debería anularse ya que no hay otras de reserva y con ello se perjudica mi puntuación.

Pregunta 3 Supuesto 2: El Cristo de la Victoria está en la Colegiata o Concatedral de Vigo: https://es.wikipedia.org/wiki/Concatedral_de_Santa_Mar%C3%ADA_de_Vigo <https://vigopedia.com/2013/06/02/la-colegiata-de-santa-maria/> por lo que mi respuesta considero que es correcta ya que se admiten los dos términos y se pregunta dónde está el Cristo no la ubicación del lugar. Pregunta 2 Supuesto 1: Al comenzar el examen se dijo que se respondiese sucintamente a las preguntas, por ello considero que tengo la respuesta bien aunque no haya añadido que "Mientras se produce la fase de calentamiento, se pueden ir colocando los originales en la pantalla de cristal o en la bandeja superior, bien de forma vertical u horizontal, según el tamaño del original y el tipo de copia a realizar".

En canto ao primeiro punto, remitímonos ao sinalado na contestación á anterior alegación.

A pregunta nº 2 do 1º caso práctico foi cualificada coa máxima puntuación (1,25 puntos), polo que non ten relevancia algunha a alegación.

A pregunta nº 3 do 2º caso práctico foi cualificada con 0,75 puntos xa que omite á situación concreta da Concatedral de Santa María na rúa Palma nº 6 – Praza da Igrexa, aínda que engade unha ubicación xenérica dentro do Casco Vello.

En consecuencia, procede ratificarse na puntuación outorgada.

6º.- Doc. 210198253. A súa reclamación baséase en que o órgano de selección non comunicou aos aspirantes con anterioridade á celebración da proba os criterios de corrección.

Mais temos que sinalar que o órgano de selección, antes da realización do exercicio, comunicou aos aspirantes que as dez preguntas que compoñían o exercicio serían cualificadas con 1 punto cada unha, sendo obvio e evidente que os criterios utilizados polo órgano de selección non podían ser comunicados tal e como se estableceron, xa que iso levaría a comunicarlles as respostas correctas. No caso deste exercicio non se daba prevalencia a unhas preguntas sobre outras, xa que todas se cualificaban coa mesma puntuación, polo que non se produce indefensión nin se conculca o principio de seguridade xurídica, nin o principio de transparencia e publicidade que deben presidir os procesos selectivos.

En consecuencia, procede desestimar a alegación presentada.”



O órgano de selección, por unanimidade de todos os seus membros presentes, resolve prestar a súa conformidade a este Informe do Secretario, desestimando, en consecuencia, as alegacións presentadas, coa única salvidade de corrixir o erro aritmético sinalado na contestación á alegación 2ª.

Acordamos publicar dita resolución na páxina web municipal e no taboleiro de edictos deste Concello, así como a notificación persoal aos reclamantes.”

O que se comunica aos efectos oportunos e para xeral coñecemento.

O Secretario do órgano de selección, Lucio C. Varela Borreguero



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/10/2021 12:41

Páxina 5 de 5

Expediente 37990/220

CSV: 2785A3-BE54AC-AC22B5-PLFSAG-8XL7U6-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>